

TEMA 7: MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

1.-BIOGRAFÍA

Naceu en Celanova (Ourense) en 1851. Con 15 anos marchou da casa paterna para ir vivir a Madrid. Alí participou en ambientes intelectuais, ao tempo que viviu a revolución de 1868. Defendeu apaixonadamente a república como forma de goberno e o federalismo como modelo de organización do Estado. A súa profesión foi a de xornalista.

En 1877 participa no concurso literario da cidade de Ourense coas composicións “A Virxe do Cristal”, “Unha voda en Einibó” e “O gueiteiro” (primeiro premio e estreia como poeta en galego).

Volve a Ourense e en 1880 (*Follas novas*, de Rosalía de Castro), publica *Aires da miña terra*, obra polémica co bispado de Ourense que fixo que fose **xulgado (e absolto)** por presuntos ataques á relixión católica (anticlericalismo = *O divino sainete*, 1888).

En 1895 emigra a Cuba. Regresa á Coruña en 1904 para recibir unha homenaxe. De novo en Cuba, foi un dos impulsores da creación da Real Academia Galega.

Faleceu na Habana en 1908 e os seus restos foron repatriados ese mesmo ano e enterrados na Coruña.

2.-OBRA

-*Aires da miña terra* (1880), poemas de temática social, aínda que tamén hai outros de temática costumista e intimista.

-*O divino sainete* (1888), poema narrativo de carácter satírico

AIRES DA MIÑA TERRA (Liñas temáticas)

-**Liña cívica ou social:** Curros dicía que a literatura tiña que ter a **función social de compromiso co pobo galego, coa democracia e coas ideas progresistas**. Denuncia a inxustizas e opresión cara aos máis débiles (labregos) e critica os caciques e fidalgos. Poemas de ton anticlerical. A súa poesía

ten continuación no século XX con poetas como Ramón Cabanillas e Celso Emilio Ferreiro.

-Liña costumista: estética costumista propia do seu tempo e da **poesía popular**. **Recrea lendas, tradicións e tipos populares**. Carácter reivindicativo.

-Liña intimista: en **poucos poemas** expresa os seus sentimentos. Son aqueles en que mostra a **alegría polo nacemento dun fillo** ou a **dor pola morte da nai**, ou mesmo pola **morte de Rosalía de Castro**.

O DIVINO SAINETE

Longo poema narrativo de carácter burlesco que **parodia a *Divina Comedia* de Dante Alighieri**. Está protagonizado polo **propio Curros** que, **en compañía de Francisco Añón**, realiza unha **viaxe a Roma** para gañar o xubileu. Añón será o guía de Curros no **percorrido polos sete vagóns dun tren, que representan os sete pecados capitais**: preguiza, envexa, gula, ira, luxuria, avaricia e soberbia. En cada vagón **encontran personaxes cos que Curros mantivera algunha polémica ao longo da súa vida**. Unha vez en Roma, visita ao papa León XIII e aconséllalle que a Igrexa abandone a súa riqueza e volva á vida sinxela.

A obra é unha caricatura da sociedade daquel tempo. Fai unha **crítica feroz a todos os estamentos sociais, centrándose nos poderosos, nos seus inimigos e na Igrexa católica (anticlericalismo)**.

3.-LINGUA E ESTILO

Para Curros, **a poesía é un medio de compromiso cívico cos máis débiles**, por iso emprega un **galego popular** da zona de Celanova (pero coida o léxico, a sintaxe e procura evitar os castelanismos) para que **o seu público o entenda**. Nos **poemas sociais** predomina a **ironía, as comparacións e metáforas**. Nos **costumistas**, emprega **paralelismos, repeticións e anáforas**.